

## ¡AVE BBVA! OS QUE NON VAN A COBRAR, SAÚDANTE



Xa sufrimos o pasado ano, un cambio nas regras do xogo no sistema de retribución variable, cando o exercicio rematara.

[\[Ler comunicado\]](#)

Este ano, non só non se corrixiu o erro, senón que a historia se repite. Asistimos atónitos ao endurecemento das condicións para poder cobrar a AVE, levadas a cabo dende algunhas Territoriais e de forma unilateral. BBVA está a difundir un discurso que "in crescendo" foi "preparando" o equipo para unha redución importante do incentivo de febreiro, e para el, servíronse de catalogar moitos empregados e empregadas por debaixo da súa implicación real. Unha boa parte do equipo, viu como se esfumaba a posibilidade de cobrar o axuste regulado, ou simplemente o bonus, e ao resto, tócalles esperar para saber que sorpresa se encontran o día do aboamento en nómina.

**A 30 de setembro de 2013, BBVA gañaba 3.077 mm de €, un 86% máis** con respecto ao mesmo período do ano anterior. Non entendemos como con estas cifras, non se valora o enorme esforzo que o equipo realizou, ata o punto de faltar á verdade sobre a profesionalidade, catalogándoos dese xeito, en prol de que os de "arriba" cadren as súas contas. E para colmo, o recorte sempre se aplica aos primeiros niveis da estrutura, pero nunca á Alta Dirección, se hai unha gran diferenza entre os 780 € de bonus de referencia dun Xestor de Atención ao Cliente aos 30.000 € dun Director de CBC N1. ¡Imaxina un DZ, un DT, e de aí para arriba!!.

Que credibilidade pode ter unha dirección que realiza axustes no sistema de retribucións variables a última hora, sen transparencia nin xustificación? Cre BBVA que a falta de incentivos, será suficiente, e mesmo conveniente, seguir practicando o discurso do medo para manter a motivación?.

Dende **CCOO** esiximos a BBVA solucións que corrixan estas **tres cuestións**:

**A primeira**, que cesen de inmediato as mensaxes e discursos do medo que, dende algunhas DTs, Zonas e CBCs, se están a trasladar ao equipo, condicionando o emprego á consecución de obxectivos, dado que estas decisións non corresponden ao ámbito de actuación destas persoas.

**A segunda**, que o sistema de retribución variable deixe de ser arbitrario, para converterse nun sistema sinxelo, entendible, transparente, estable e pactado coas organizacións sindicais.

**A terceira**, que fronte á desmedida presión cortoplacista, fomente unha política comercial ética, seguindo as recomendacións que a propia CNMV fai ás entidades financeiras na súa vinculación salarial, sobre a base da colocación de produtos.

[\[Ler noticia\]](#)



**CCOO**, unha vez máis, pon de manifesto **a fragilidade do salario gasoso**, que se esfuma á primeira de cambio en contraposición **co salario sólido**, consistente, comprometido e pactado cos sindicatos a través do Convenio Colectivo e os diversos Acordos de Empresa.

**CCOO achegamos solucións, melloramos os teus dereitos.**  
Xaneiro 2014



**Máis información:** [Estudio de CCOO sobre a equidade no sector financeiro](#) (recomendamos cadros, páxinas 13 a 18 e o recadro "os incentivos perversos" na páxina 3).

**COMFIA CCOO BBVA sección sindical**

Tel. 91 594 42 36 - 93 401 53 33 - [bbvaccoo@comfia.ccoo.es](mailto:bbvaccoo@comfia.ccoo.es)  
[www.comfia.net/bbva](http://www.comfia.net/bbva) - Portal Sindical en espacio - [www.comfia.info](http://www.comfia.info)  
adherida a la [unión network international](#)